

## CATAVENTO DA SÉ

ANTÓNIO ZAMBUJO

Rosa foi pra cidade  
Maria foi ver o mar Joana passou da idade  
E eu vou vendo a minha rua  
A ver passar  
Dona Amélia morreu  
Amadeu desanimou  
Um dia quis ver o céu  
Benzeu-se com o chapéu  
E voou  
Da minha rua, eu vejo, ao longe  
O catavento da Sé  
E o galo gira ao sabor do vento que vira com a maré  
Gira pelo próprio pé  
Contra o tempo que gira o relógio da torre da Sé

ari[t]mar

Difundir a música e a poesía, aproximar a cultura e a lingua da Galiza e Portugal

**Promove:** Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela,  
Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

**Organizan:** Escola Oficial de Idiomas e Concello de Santiago de Compostela

**Patrocinan:** Secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, Deputación Provincial da Coruña,  
Concello de Santiago de Compostela, Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte  
de Portugal e Instituto Camões-Centro Cultural Português de Vigo

**Colaboran:** Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela, Escola Oficial de Idiomas de Lugo,  
Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centros do Ensino Portugués pelo Camões na Galiza,  
Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela



aritmar.gal

## PRENDER OS FACHOS, COMPOÑER OS ÓSOS

CARLOS DA AIRA

*Prender os fachos, compoñer os ósos,  
Espiral Maior, 2019*

NAS noites de luar contamos as estrelas a moreas,  
/os medos a mancheas,  
os antídotos ineficaces a puñados  
-fállanos a memoria e trabucamos os ingredientes- as  
/palabras que esquecemos  
a presadas,  
os coitelos sen gume e enferruxados  
a maínzos.

Hai parellas que sentan nas faldras das montañas,  
/sobre os cascalheiros ocultos e disimulados,  
a ler o futuro a través da ollada estrábica.  
Crean, mentres se acariñan as mans  
e ollan en direccións opostas,  
novos sistemas cos que xeracións vindeiras predirán  
/o destino coa menor marxe  
de erro posible, sustentando as súas supersticións  
nas obras completas da autoaxuda

Roubáronnos os vertedoiros construídos durante  
/décadas co esforzo e a  
constancia dos paseos nocturnos; cubríronnos un día,  
sen avisar,

e perdemos neles tódolos tesouros, o porvir que  
/estabamos a erguer  
a costa de perdermos a razón incansablemente.  
Tanto nos ten xa se as noites son de pedra ou estrelecidas.  
O obxectivo é  
-agora e sempre-  
prender os fachos, compoñer os ósos,  
facermos do corpo unha trincheira e  
concebirmos, de a feito, incontables estratexias para nomear  
cada unha das loitas que nos restan por librar, cada un  
/dos motivos polos que as debemos gañar.

## LIBERDADE MAIS CRUEL

RAQUEL LIMA


*Ingenuidade Inocência Ignorância  
Animal Sentimental e BOCA-palavras que alimentam,  
Lda, 2019*

liberdade mais cruel  
a minha liberdade sempre foi a mais crue  
a que deriva na alvorada  
adormece ao relento  
à beira da estrada, a da casa ocupada  
a do amor inquieto  
rebenta tudo pelo caminho  
a esbanjadora  
a minha liberdade sempre foi a mais cruel explode em papel A2  
dobrado em 3 diminui-se, martiriza-se  
oprime-se, fragiliza-se  
liberdade da diva frustrada  
que não conta nada  
além do arrepiamento do seu tamanco de salto alto, ingénua canta  
uma regra de régua e esquadro  
de ecrã e teclado  
é a liberdade da puta amedrontada  
que sente tudo mas não sente nada  
numa paranóia da encruzilhada  
de pensamentos bloqueados na  
vontade de ser recta e não incerta  
ter um caminho considerado  
aplaudido pelos vizinhos  
compatriotas desconhecidos em terra alheia ser pessoa,  
/ser poeta

liberdade cruel e ausente a mais frustrada liberdade revoltada  
que apenas nua existiria  
exposta ao gatilho, à bala, à guilhotina  
liberdade na balada, na insónia, no castigo  
liberdade sem religião, nem cura nem terço, sem abrigo  
/liberdade de

abraçar os demónios mais cruéis  
porque o segredo da liberdade é deixá-los passar por aqui.

GALA  
dos premios  
da **MÚSICA**  
e da **POESÍA**  
galego-portuguesas




fa-la

SABELA · ANTÓNIO ZAMBUJO  
CARLOS DA AIRA · RAQUEL LIMA

26 de setembro 12.30 h  
NH Compostela  
Santiago de Compostela



ari[t]mar-ê  
galiza e portugal



# aRi[t]mar-ê

galiza e portugal

**aRi(t)mar** galiza e portugal é unha iniciativa da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, que celebra este ano a súa cuarta edición, e ten por obxectivo dar a coñecer e difundir a poesía e a música editada en Galiza e en Portugal, así como achegar a cultura e a lingua dos dous países, no quadro das accións de desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

O certame consta de catro categorías: mellor tema musical galego, mellor tema musical portugués, mellor poema galego e mellor poema portugués. A escolla foi feita polo público xeral, galego e portugués, entre 10 poemas e cancións finalistas seleccionadas polo xurado do certame. Dito xurado escolle tamén, entre as propostas achegadas polos seus membros, a persoa, iniciativa ou institución que, pola súa traxectoria, sexa merecente do premio especial á embaixada da amizade galego-portuguesa

## Palmarés de gañadores de músicas e poesías publicadas en 2019

### Músicas gañadoras:

Galiza: **Despedida**. SABELA  
Portugal: **Catavento da Sé**. ANTÓNIO ZAMBUJO

As segundas máis votadas:  
**Balada de verán**. GUADI GALEGO, Gz.  
**Talvez se Eu Dançasse**. MIGUEL ARAÚJO, Pt.

As terceiras:  
**Fisterra**. BAIUCA, Gz.  
**Uma Frase Não Faz a Canção**. ISAURA, Pt.

### Poesías gañadoras:


Galiza: **Prender os fachos, compoñer os ósos**.  
CARLOS DA AIRA

Portugal: **Liberdade mais cruel**. RAQUEL LIMA

As segundas máis votadas:  
**No medio desta paisaxe**. TAMARA ANDRÉS, Gz.  
**Projeto Político 3: El Corte Inglés**. FILIPA LEAL, Pt.

As terceiras:  
**Síndrome de Stendhal**. OLGA NOVO, Gz.  
**E se fosse proibido abraçar**. JOSÉ MANUEL NEVES, Pt.

**Premio especial do xurado á embaixada da amizade galego-lusófona**: GEORGINA BENRÓS DE MELLO



## ANTÓNIO ZAMBUJO

António Zambujo é gran renovador da música portuguesa e a voz masculina de maior repercusión internacional.

Foi o mesmísimo Caetano Veloso quen dixo aquilo de que a música de António Zambujo «era tan profunda que producía calafríos e facía chorar». Influidó polo propio Veloso, ou por músicos como Tom Waits, Chet Baker ou João Gilberto, o novo disco Do avesso é un traballo moi esperado.

Segue tendo os ecos do son nostáxico do fado, pero diluíndo de maneira elegante as fronteiras musicais, achegándose a estilos que poden ir do jazz ao indiefolk. Co formato de guitarra e voz, o máis sinxelo e persoal, chega moi fondo aos corazóns, como se nos cantase ao oído. Así percibimos dun xeito máis directo a súa capacidade para facernos sentir a emoción e a fondura da súa voz. Quizais por ter nacido no Alentejo teña ese pouso do viño da súa terra, doce e maduro, cun sabor antigo que expresa a dor e a saudade dunha vella alma romántica e soñadora.

O seu paso pola gala cantosnamaré 2011 abriulle as portas desta terra que o consagrou definitivamente despois de conquistar o público galego presentando cada disco ou acudindo fielmente á súa cita anual na Casa das Crechas en Compostela.



## CARLOS DA AIRA (Elgoibar, Euscadi, 1972)

Fillo de emigrantes, vive actualmente na aldea de Nanín do concello de Allariz. Escritor e músico [combinación electrónica e música tradicional: pandeireteiro, cantareiro, gaitero, tamborileiro, bailador]. Participante en numerosos festivais e encontros de poesía (en Portugal, Euscadi, Asturias, Cabo Verde e no Xapón, entre outros). Foi o gañador do Concurso de Microrrelato Aira das Letras (2012), do Poetry Slam de Vigo (Edición especial Día das Letras 2015) e dos XXVII Xogos Florais María Pita (2018).

Desde o 2011 formou parte do Comando Esbardalle, un colectivo poético cuxo único obxectivo é “dominar o mundo e impoñer a ditadura da poesía”. Como apaixonado da poesía e do relato curto, participa en espectáculos de carácter multidisciplinar en que se intenta recuperar e potenciar a dimensión oral e pública da arte.

Desde o ano 2014, organiza e dirixe o Poemagosto, Festival Internacional de Poesía en Allariz; e, desde o 2015, o Ponme un Poema!, unha ruta poético- gastronómica polas tabernas e as rúas de Allariz. Prender os fachos, compoñer os ósos obtivo o XXXIV Premio de Poesía Cidade de Ourense no ano 2018. Nese mesmo ano, a Editorial La Vorágine publica, en edición bilingüe, o seu primeiro poemario individual Pólvora, poesía explosiva para axitar conciencias. No 2019, co poemario A guerra era contra nós, tamén foi o gañador da VIII edición do Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey. De cando en vez publica poemas no seu blog [blogheada.daaira.eu](http://blogheada.daaira.eu).



## SABELA

Sabela Ramil (Ouro, 1994) faise co seu primeiro traballo Despedida co premio aRi[t]mar 2020 ao mellor tema musical publicado en Galicia en 2019. Unha composición que a autora define como “o resultado dunha busca”.

Sabela é unha novísima cantante e compositora galega que se fixo moi popular pola súa participación no concurso musical de televisión Operación Triunfo, no ano 2018 e por escoller alí repertorio en galego como 'Benditas Feridas' de Rosa Cedrón e 'Tris Tras' de Marful de Ugia Pedreira, coa que colaborou na despedida de Marful.

O 15 de novembro de 2019 lanzou o seu primeiro sinxelo, "Despedida", unha canción composta por ela e producida polo portugués Diogo Piçarra. Nesta canción "despídese das letras e dos sons que ata agora foron seus e que comezan a voar cara a todas as persoas que queren acollelos".

O 29 de novembro dese mesmo ano viu a luz o seu primeiro disco, nacido entre Lisboa e Galicia, composto na Coruña e gravado no estudio HAUS en Lisboa. Contou coa colaboración de Luisa Sobral, que compuxo un tema especificamente para ela, Dame una señal. Tamén Xoel López colaborou na composición do sinxelo El Paso. O lanzamento foi seguido de firmas de discos en varias cidades españolas e estaba prevista unha xira de concertos que se viu afectada pola situación provocada pola COVID-19.



## GEORGINA BENRÓS DE MELLO

(Mindelo, Cabo Verde, 1953), ex directora-xeral da Comunidade dos Países de Língua Portuguesa entre 2014 e 2010 e antiga Ministra de Comercio e Turismo de Cabo Verde, foi unha decidida impulsora da incorporación da Galiza á CPLP e durante o seu mandato mantivo un contacto permanente coas institucións oficiais galegas (Goberno e Parlamento), académicas (Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) culturais (Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega) e co asociacionismo cidadá (Rede da GaliLusofonia, Academia Galega da Língua Portuguesa, aRi[t]mar galiza e portugal, Associação Galega da Língua, Fundação Meendinho, AJA-Galiza).

Neste sentido, a doutora de Mello deslocouse á Galiza en varias ocasións para participar en recepcións oficiais, encontros co mundo da cultura e eventos (tal como o Congreso Patrimonio e Fronteira, a Diásporas e Mobilidade Académica, ou o II Encontro de Mulheres na Conferencia Internacional Juventude, Lusofonia: Mulheres, Territórios e Memórias) que visaban potenciar as relacións culturais da Galiza dentro da Lusofonía. «Quando eu estudaba, em Cabo Verde, Santiago de Compostela era como uma luz que brilhava na escuridade da Idade Média. O meu pai era apaixonado pela História e sempre me ficou a vontade de conhecer esta cidade; por iso é um privilégio vir já por terceira vez aqui», declarou nunha das súas visitas á Galiza, em outubro do pasado ano.



## RAQUEL LIMA

(Lisboa, 1983) é lisboeta das dúas margens do Tejo e do Atlántico, de mãe angolana, pai santomense, avó paterna senegalesa e trisavó materna brasileira.

Poeta, performer e arte-educadora, fixa nesta edición em livro & áudio parte de um percurso de dez anos de poesia essencialmente oral, movimento que a levou a mais de uma dezena de países na Europa, América do Sul e África. Durante esse período, apresentou o seu trabalho em eventos de literatura, narração oral, poetry slam, spokenword, performance e música.

A transdisciplinaridade com que aborda arte, memória e sociedade, atenta às desigualdades sociais e aliada a uma vontade de encontrar e compreender as suas raízes, levou-a a regressar à academia, onde desenvolve a sua investigação focada em oratura e escravatura em São Tomé e Príncipe no Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coimbra.

É doutoranda do Programa Pós-Colonialismos e Cidadania Global do Centro de Estudos Sociais da Universidade de Coimbra e Bolseira FCT. A sua investigação centra-se em oratura, escravatura e movimentos afrodiaspóricos. Colabora com o projecto ALICE - Epistemologias do Sul do CES desde 2016. Licenciada em Estudos Artísticos, com especialização em Artes Performativas, na Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa (2008). Foi bolseira da 1ª edição do Programa INOV-ART, organizado pela Direcção Geral das Artes / Ministério da Cultura, no Rio de Janeiro, Brasil (2009) e bolseira Leonardo Da Vinci em Paris, França (2010). Publicou os seus poemas em diversas línguas e tem realizado performances e workshops em torno da poesia oral a nível nacional e internacional, destacando os workshops de poesia, raça e género: para uma escrita poética interseccional. Actualmente colabora com o projecto de investigação Post-Archive: Politics of Memory, Place and Identity da Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa (biografía tirada de <https://ces.uc.pt/pt/ces/pessoas/doutorandas-os/raquel-lima> e <https://www.viralagenda.com/pt/events/820693/ingenuidade-inocencia-ignorancia-livro-e-audio-de-raquellima>)

## DESPEDIDA SABELA

Escóitoas por derradeira vez  
Van voando a atopar outro querer  
Escoito o que canto  
Dende agora, con elas  
Todo comeza a arder  
Todo comeza a arder